



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Lingüística		Código	652G04004
Titulación	Grao en Logopedia			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Alvarez Caccamo, Celso María	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es	
Profesorado	Alvarez Caccamo, Celso María	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Introdución ao estudo da linguaxe, das linguas e da comunicación a meio delas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A3	Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Aprender a aprender.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B21	Tomar decisiones con autonomía e responsabilidade.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Capacidade de análise e síntese.		A3	B7
Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.		A3	B1 B2 B4
Traballar autonomamente.		B21	B22
Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.		B8	
Traballar de forma colaborativa e en equipa.		B23	B24
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Lingüística e o seu obxecto.	1.1. Alcance e obxectos da Lingüística. 1.2. Disciplinas e subdisciplinas que inclue. 1.3. A aplicación da Lingüística a ámbitos sociais.



2. A linguaxe e a comunicación.	2.1. A comunicación, a información e a sua interpretación. 2.2. A orixe da linguaxe. 2.3. Características da linguaxe humana. Comunicación animal e humana. 2.4. Os canais da comunicación oral, visual e táctil. A escrita.
3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Relacións entre linguaxe e pensamento. 3.2. Localización da facultade lingüística no cerebro. 3.3. Trastornos da linguaxe. 3.4. Adquisición dunha primeira e dunha segunda lingua.
4. Os sons das linguas.	4.1 A producción do son. 4.2. Clases de sons: vogais e consoantes. 4.3. A transcripción fonética. 4.4. Fonema, fone e alofone. Os sistemas fonolóxicos. 4.5. Os elementos suprasegmentais. 4.6. A sílaba.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. As unidades mínimas significativas: os morfemas. 5.2. Morfemas, morfes e alomorfos. Tipos de morfemas. 5.3. A palabra. Formación de palabras nas linguas. 5.4. A morfoloxía das diversas linguas. 5.5. Clases de palabras e categorías gramaticais. 5.6. A oración: simple e composta. 5.7. Os sintagmas (ou frases). 5.8. As relacións sintácticas.
6. O significado.	6.1. Definición do significado: sentido e referencia. 6.2. Fenómenos semánticos. 6.3. Proposición. Predicado e argumentos. 6.4. Significado literal e significado implícito. 6.5. A cooperación na conversa. 6.6. Actos de fala e os seus tipos. 6.7. A cortesía como estratexia verbal. 6.8. A deixis e os seus tipos.
7. A diversidade lingüística.	7.1. Introdución ás familias lingüísticas. 7.2. Lingua padrón e variedades. 7.3. Variación xeográfica: os dialectos. 7.4. Variación social: sociolectos e rexistros. 7.5. As comunidades lingüísticas. 7.6. Contacto de linguas e bilingüismo. 7.7. A planificación lingüística.
8. Aplicacións da Lingüística.	8.1. Elaboración de diccionarios e gramáticas. 8.2. O ensino das linguas. 8.3. Tradución e interpretación. 8.4. Lingüística computacional. 8.5. Lingüística clínica.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A3 B2 B7 C1	0	32	32
Sesión maxistral	A3 B4 B8	21	21	42
Lecturas	A3 B1 B4 B22	0	32	32



Obradoiro	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	21	21	42
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Proba mixta	Proba escrita final.
Sesión maxistral	Explicación dos conceitos fundamentais e clarificación das dúbihdas principais.
Lecturas	Lectura ? e, no seu caso, síntese e/ou comentario ? de material obrigatorio.
Obradoiro	Diversas metodoloxías e probas nas aulas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) e tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, con supervisión do profesorado e resolución de dúbihdas específicas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Farase un seguimento nas aulas interactivas das actividades realizadas.
Obradoiro	O profesorado estará disponible para tutorias nos horarios que se indicaren, e tamén previo acordo por correo electrónico, Teams ou teléfono.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A3 B2 B7 C1	Unha proba escrita final, cuxos contidos serán o temario, as lecturas e os outros materiais utilizados nas aulas.	50
Lecturas	A3 B1 B4 B22	Avaliarase a realización das lecturas obligatorias con tarefas de seguimento. Porén, a percentaxe correspondente, ainda por determinar segundo as tarefas, computarase dentro do apartado Obradoiro.	0
Sesión maxistral	A3 B4 B8	Avaliaráse a asistencia e participación activa tanto nas sesións expositivas canto nas interactivas.	10
Obradoiro	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	Avaliaranse tanto os resultados das diversas prácticas e actividades a facer fora da sala de aulas, canto as desenvolvidas nas aulas interactivas.	40

#### Observacións avaliación



## Observacións:

### 1. PRIMEIRA OPORTUNIDADE:

#### 1.1. O Obradoiro

incluirá a realización de 1 ou 2 Actividades Avaliábeis (en principio individuais; poderá ofrecerse a opción a facelas en parellas a discreción do profesorado), e unha serie de tarefas de seguimento das leituras e outros traballos prácticos durante o curso, tanto nas sesións de aulas como fora.

1.2. O alumnado repetidor que non asista ás aulas, e o alumnado que teña unha dispensa académica oficial (DAO), recibirán un 50% da nota pola realización da Proba mixta, e

50% polo apartado de Obradoiro, incluindo tanto as Actividades Avaliábeis canto as outras tarefas do curso que non requirian asistencia.

1.3. O alumnado con DAO deberá comunicalo ao profesorado da materia durante as duas primeiras semanas do curso. De non facelo así, poderá aplicárselle a mesma repartición porcentual na avaliación que ao resto do estudiantado ( $50\% + 10\% + 40\%$ )

#### 1.4. A materia e as probas poderán

adaptarse para o estudiantado que precise medidas de apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). O/a estudiante que se atopar nesta situación debe contactar cos servizos dispoñibles na UDC nos prazos oficiais marcados antes de cada cuadri mestre académico: a Unidade de Atención á Diversidade (<http://www.udc.gal/cufieU/ADI/>). Pódese contar tamén co asesoramento do Tutor ou Tutora ADI da Facultade de Ciencias da Educación. En calquier caso, se solicitaron que lles sexa recoñecida a condición de estudiante con adaptación e aínda non se lles comunicou a decisión, deben informar ao coordinador da materia ([celso.alvarez.caccamo@udc.gal](mailto:celso.alvarez.caccamo@udc.gal)).

1.5. Para superar a materia é preciso (a) obter polo menos un 5 na media dos apartados ; (b) ter polo menos un 4 na proba mixta (exame final); e (c) obter polo menos un 4 no apartado Obradoiro; e (d) obter polo menos un 4 na Actividade ou Actividades Avaliábeis.

#### 1.6. Para superar a proba mixta (exame final)

o profesor poderá requerir un certo equilibrio de notas entre os diversos temas e partes do programa. Sen ese equilibrio, se a media aritmética é igual ou superior a 5, poderá non ser considerada e ser sustituida por un 4,9 (suspenso) indicativo da necesidade de repetir a proba obxectiva inteiramente.

1.7. En caso de non poder aprobar por non ter obtido polo menos un 4 na proba final, nas Actas figurará como nota ou ben a media aritmética ou 4,9 (suspenso) se a media fose superior. Porén, esta nota de 4,9 é inamovible, e é só indicativa de que se debe repetir algún dos apartados (ou os dous).

1.8. O profesorado poderá flexibilizar en sentido positivo estes requerimentos de notas mínimas con carácter xeral (aplicable a todo o alunado) para favorecer unha avaliación mais global do desempeño.

### 2. SEGUNDA OPORTUNIDADE:

2.1. Aplícanse os mesmos criterios de notas mínimas para cada apartado.

#### 2.2.

Repetirse a Proba mixta (exame final) no día oficial (ver datas definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial). A Proba é indivisível; caso de ter que ser repetida, será inteiramente, e voltará a incluir todo o temario da primeira oportunidade.

#### 2.3.

Realizarse a Actividade ou Actividades suspensas (poderán ser diferentes ás realizadas na primeira oportunidade, aínda que cun formato semellante ou comparábel), e, no seu caso, as tarefas menores de seguimento do curso, a criterio do profesorado.

#### 2.4. Para a segunda oportunidade, manteránse as

notas dos apartados superados na primeira oportunidade. No caso das diversas actividades e tarefas, os profesores indicarán se se considera superado o apartado Obradoiro inteiro, ou se hai que repetir algunha

actividade non satisfactoria (por exemplo, unha cunha nota de 3).

#### 2.5.

A asistencia, loxicamente, non se poderá recuperar na segunda oportunidade. Se o apartado da asistencia foi superado (mais do 50%, isto é, un 5), manterase a nota. Se non fose superado, axustaranse as percentaxes para Proba mixta (50%) e Obradoiro (50%).

### 3. OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN ADIANTADA (decembro 2024)

#### 3.1. Poden presentarse a

esta oportunidade só estudiantes cuns poucos créditos pendentes para rematar a titulación. Consúltese a documentación pertinente na web da UDC.

#### 3.2. Realizarase a avaliación

exclusivamente mediante unha PROBA MIXTA ESCRITA de carácter teórico-práctico, pola que se outorgará o 100% da nota.

### 4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas/es estudiantes que: (a) non se apresenten a ningunha das probas obxectivas (primeira e segunda oportunidades) e que, ademais, (b) non entreguen nengunha Actividade Availábel en nengunha das oportunidades. Isto é, a entrega dunha Actividade ou a asistencia á Proba obxectiva nalgúnha das oportunidades implica necesariamente receber unha nota final numérica.

#### 5. As conductas irregulares e ilegítimas

na realización das actividades, tarefas ou probas (soplantación da identidade, plaxio, copia, falsificación ou compra de traballos, recepción de axuda doutras persoas, utilización de respuestas ou solucións doutros anos, utilización de recursos informáticos ou doutro tipo non autorizados, etc.), acarretan automaticamente a cualificación de Suspenso (0) nessa tarefa ou exame, e, dependendo da sua gravidade, poden acarretar Suspenso (0) na oportunidade correspondente. Lémbrese a este respecto que o

Regulamento disciplinar do

estudiantado da UDC recolle que a fraude académica é unha falta

grave ou moi grave, e establece as sancións para estes casos, incluíndo a expulsión temporaria da Universidade; véxanse, entre outros, os artigos 10.3.f e 11.4.b ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2023/007335](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/007335)).

6. O material distribuído polo profesorado nas aulas ou polo Campus Virtual ou outras plataformas é de uso exclusivo para a materia. Non se permite de maneira nengunha o seu uso ou distribución para outros propósitos, por medios virtuais, nin para persoas alleas ao curso. A vulneración destas restricións está recollida como falta no Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC.

7. Non se permite a gravación por nengún medio das sesións de aulas, fora das realizadas polo profesorado para posíbeis fins de ensino virtual, e as realizadas para estudiantes con adaptación. A gravación e utilización non autorizadas son recollidas como faltas graves no Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC.



## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Casado Fresnillo, Celia, e Escandell Vidal, Mª Victoria (2011). "El lenguaje y las lenguas". En: Mª Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. <i>Invitación a la lingüística</i>, pp. 1-52. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Crystal, David (1994). "El lenguaje y otros sistemas de comunicación". En: <i>Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge</i>, pp. 396-403.. Madrid: Taurus</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria (2010). "La estructura de las palabras". En: Mª Victoria Escandell Vidal (coord.) e otros. <i>El lenguaje humano</i>, pp. 137-169.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria, e Marrero Aguiar, Victoria (2011). "La Lingüística y sus fundamentos". En: Escandell Vidal, Mª Victoria (coord.) e otros. <i>Invitación a la lingüística</i>, pp. 53-85. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Fromkin, Victoria, e Rodman, Robert (1993). "Da boca dos bébés: aquisição da língua pela criança". Em: <i>Introdução à Linguagem</i>, pp. 351-373. Coimbra: Livraria Almedina</li><li>- Gutiérrez Rodríguez, Edita (2010). "La Sintaxis". En: Mª Victoria Escandell Vidal (coord.) e otros. <i>El lenguaje humano</i>, pp. 171-206.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Mariño, Xurxo (2018). "E entón xurdíu a linguaxe". En: <i>Unha mente que voa. Unha mirada á evolución da linguaxe</i>, pp. 73-99. Vigo: Xerais</li><li>- Marrero Aguiar, Victoria (2020). "Los sonidos en las lenguas". En: Mª Victoria Escandell Vidal (coord.) e otros. <i>Invitación a la lingüística</i>, pp. 83-119.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Mateus, Maria Helena Mira, e Alina Villalva (2006). "Para que serve a Lingüística?". En: <i>O Essencial sobre Lingüística</i>, pp. 79-92.. Lisboa: Caminho</li><li>- Simone, Raffaele (1993). "Propiedades fundamentales del lenguaje / Abstracto? en lingüística". En: <i>Fundamentos de Lingüística</i>, pp. 18-22.. Barcelona: Ariel</li><li>- Yule, George (2007). "Adquisición de la primera lengua". Em: <i>El lenguaje</i>, pp. 175-191.. Madrid: Akal</li><li>- Yule, George (2007). "El desarrollo de la escritura". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 29-37.. Madrid: Akal</li><li>- Yule, George (2007). "El lenguaje y el cerebro". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 161-174.. Madrid: Akal</li><li>- Yule, George (2007). "La variación geográfica de las lenguas". Em: <i>El lenguaje</i>, pp. 238-252.. Madrid: Akal</li><li>- Yule, George (2007). "La variación social de las lenguas". Em: <i>El lenguaje</i>, pp. 253- 266.. Madrid: Akal</li><li>- Yule, George (2007). "Pragmática". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 132-145. Madrid: Akal</li><li>- Yule, George (2007). "Semántica". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 118-131.. Madrid: Akal</li></ul> <p>As leituras obligatorias serán tomadas maioritariamente da listaxe anterior, mais pode haber algunha non incluída aí.</p>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- Bernárdez, Enrique (2000). ¿Qué son las lenguas? . Madrid: Alianza</li><li>- Cardona, Giorgio Raimondo (1991). Diccionario de lingüística. Barcelona: Ariel</li><li>- Comrie, Bernard, S. Matthews e M. Polinsky (eds.) (2001). O Atlas das Línguas: A Origem e a Evolução das Línguas no Mundo. Lisboa: Editorial Estampa</li><li>- Crystal, David (1994). Encyclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge. Madrid: Taurus</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria (2005). La comunicación. Madrid: Gredos</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria, et alii (2010). El lenguaje humano. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria, et alii (2011). Invitación a la lingüística. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria, et alii (2020). Claves del lenguaje humano. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED</li><li>- Hurford, James R., e Brendan Heasley (1983). Curso de Semántica. Madrid: Visor</li><li>- Mariño, Xurxo (2018). Unha mente que voa. Unha mirada á evolución da linguaxe. Vigo: Xerais</li><li>- Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro</li><li>- Martínez Celadrán, Eugenio (1995). Bases para el estudio del lenguaje . Barcelona: Octaedro</li><li>- Martínez Celadrán, Eugenio, et alii (1998). Lingüística. Teoría y aplicaciones. Barcelona: Masson</li><li>- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2002). Curso universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general. Madrid: Síntesis</li><li>- Moreno-Torres Sánchez, Ignacio (2004). Lingüística para logopedas. Málaga: Ediciones Aljibe</li><li>- Ramallo, Fernando, et alii (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais</li><li>- Yule, George (2007). El lenguaje. Madrid: Akal</li><li>- Walter, Henriette (1996). A aventura das línguas do Ocidente. Lisboa: Terramar</li></ul> <p>&lt;br /&gt;</p>
-----------------------------	--

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua galega/652G04036

Lingua española/652G04037

Introdución á lingua de signos española/652G04041

Lingüística clínica/652G04042

Sociolingüística/652G04044

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías